

111-119 Generalísimo/Castellana, 2013

Vídeo; 8'

A finales de la década de 1950 se construyó en Madrid toda una escenografía. La idea era ayudar a transmitir el espíritu de que España era un país más abierto e internacional. Se realizó de la siguiente manera... En este conjunto de cinco edificios de apartamentos se realizó un mural de cerámica distinto para cada uno de los balcones, que representaba una ciudad o país diferente: Ámsterdam y sus canales, Venecia, Londres, Madrid y París. Además consiguieron que viviesen allí los oficiales americanos de alto rango destinados en las bases aéreas de nueva creación, y durante el fin de semana hacían sus barbacoas delante de los murales. Así se conseguía una fachada muy internacional y la zona estaba impregnada con ese olor de estilo de vida americano. Con el paso de los años, las directrices se hicieron más laxas, los residentes empezaron a actuar más a su antojo, y lo que la mayoría buscaba eran salones más espaciosos así que cerraban las terrazas, por lo que la escenografía actual ha dejado de ser fiel a la idea original.

Los propietarios de este apartamento me han dicho que siempre fueron conscientes de que el mural que decoraba su terraza tanto servía de decoración para su propia casa como para que los peatones lo viesen desde la calle. Así, cuando cerraron la terraza se vieron en la necesidad de reemplazarlo, por eso colgaron aquí este cuadro, que en realidad era solo para la gente de la calle, porque ahí no hay lugar para que ellos lo vean. Sin embargo, hacía tanto tiempo que lo habían colocado, que se olvidaron de que lo tenían, no volvieron a reparar en él, y no se dieron cuenta de que la imagen se había deteriorado casi hasta desaparecer.

En algunas bocaterías he visto letreros que me recuerdan a estos azulejos que se conservan todavía en las escaleras de uno de los edificios, en uno de ellos únicamente, con la inscripción de "bocadillos hechos a mano", como si hubiera bocadillos hechos por una máquina, lo que me llevó a pensar sobre cuándo habría empezado esto a suceder con los azulejos, o sea, cuándo empezó la gente a dudar de si estos azulejos habían sido realizados a mano o por una máquina.

Hace unos diez o quince años, cuando la gente de este edificio quiso acometer una renovación integral del vestíbulo de entrada, una de las personas que les presentó su oferta les aconsejó no hacerlo, ya que esta parte del mármol era una pintura, de tal manera que al final logró convencerlos y solo realizaron algunos cambios —estas puertas de cristal— y al parecer las mujeres de la comunidad insistieron en que se añadiera este zócalo, pero lo que el hombre explicaba era que el cuadro representaba una marina, con las olas del mar llegando a la orilla en esta parte y la playa con la arena en esta otra, por lo que el zócalo eliminaba gran parte de la arena de la playa y ahora, ahora hay un... Ahora estamos en agosto y el portero habitual está de vacaciones, y su sustituto ha estado preguntándole a la gente del edificio sobre este cuadro, y nadie parece acordarse —o saber— que era un cuadro. Y les habla de esta playa cuando se están yendo de vacaciones a la playa, y quizás ahora, cuando estén en la playa, pensarán en la playa del vestíbulo de su edificio y, tal vez, cuando regresen, quieran recuperar la playa del cuadro en su tamaño original.

Pum, pum, pum. ¿Recuerda en qué momento era su edificio más así?

Cuando encontré este artículo en una publicación sobre el arquitecto de los edificios y observé que alguien había corregido su nombre, sentí como si, de algún modo, hubiese encontrado a alguien que trataba de hacer lo mismo que yo.

111-119 Generalísimo/Castellana, 2013

Vídeo; 8'

A finais da década de 1950 construíuse en Madrid toda unha escenografía. A idea era axudar a transmitir o espírito de que España era un país máis aberto e internacional. Realizouse do seguinte xeito... Neste conxunto de cinco edificios de apartamentos realizouse un mural de cerámica distinto para cada un dos balcóns, que representaba unha cidade ou país diferente: Amsterdam e os seus canais, Venecia, Londres, Madrid e París. Ademais conseguiron que vivisen alí os oficiais americanos de alto rango destinados nas bases aéreas de nova creación, e durante a fin de semana facían as súas barbacoas diante dos murais. Así se conseguía unha fachada moi internacional e a zona estaba impregnada con ese olor de estilo de vida americano. Co paso dos anos, as directrices fixéronse máis laxas, os residentes empezaron a actuar máis ao seu antollo, e o que a maioría buscaba era salóns máis espazosos así que pechaban as terrazas, polo que a escenografía actual deixou de ser fiel á idea orixinal.

Os propietarios deste apartamento dixéronme que sempre foron conscientes de que o mural que decoraba a súa terraza tanto servía de decoración para a súa propia casa como para que os peóns o visen dende a rúa. Así, cando pecharon a terraza víronse na necesidade de substituílo, por iso penduraron aquí este cadro, que en realidade era só para a xente da rúa, porque aí non hai lugar para que eles o vexan. Non obstante, había tanto tempo que o colocaran, que esqueceron que o tiñan, non volveron reparar nel, e non se decataron de que a imaxe se deteriorara case ata desaparecer.

Nalgunhas bocaterías vin letreiros que me recordan a estes azulexos que se conservan aínda nas escaleiras dun dos edificios, nun deles unicamente, coa inscrición de "bocadillos feitos a man", coma se houbera bocadillos feitos por unha máquina, o que me levou a pensar sobre cando empezaría isto a suceder cos azulexos, ou sexa, cando empezou a xente a dubidar de se estes azulexos foran realizados a man ou por unha máquina.

Hai uns dez ou quince anos, cando a xente deste edificio quixo acometer unha renovación integral do vestíbulo de entrada, unha das persoas que lles presentou a súa oferta aconselloulles non facelo, xa que esta parte do mármore era unha pintura, de tal maneira que ao final foi quen de convencelos e só realizaron algúns cambios —estas portas de cristal— e semella que as mulleres da comunidade insistiron en que se engadise este zócolo, pero o que o home explicaba era que o cadro representaba unha mariña, coas ondas do mar chegando á beira nesta parte e a praia coa area nestoutra, polo que o zócolo eliminaba grande parte da area da praia e agora, agora hai un... Agora estamos en agosto e o porteiro habitual está de vacacións, e o seu substituto estivo a preguntarlle á xente do edificio sobre este cadro, e ninguén parece acordarse —ou saber— que era un cadro. E fálalles desta praia cando marchan de vacacións á praia, e se cadra agora, cando estean na praia, pensarán na praia do vestíbulo do seu edificio e, se cadra, cando regresen, queiran recuperar a praia do cadro no seu tamaño orixinal.

Pum, pum, pum. Lembra en que momento era o seu edificio máis deste xeito?

Cando atopei este artigo nunha publicación sobre arquitecto dos edificios e observei que alguén corrixiu o seu nome, sentín coma se, dalgún modo, atopase alguén que trataba de facer o mesmo ca min.